CADERNOS DE ESTUDOS LOCAIS · Nº 25
OUTUBRO DE 2017
GALEGOS NA EMIGRACIÓN

HOMENAXE A XOSÉ NEIRA VILAS, AMIGO E GRANDE ESCRITOR



José Martínez-Romero Gandos e

Alfonso Blanco Torrado.

A. C. IRMÁNS
SUÁREZ
PICALLO



Xosé Neira Vilas

Periodista e escritor, que cultivou a poesía, o ensaio e especialmente a narrativa onde alcanzaría as maiores cotas de repercusión para as letras galegas

Gres, Vila de Cruces (Pontevedra)

(3 de novembro de 1928 - 27 de novembro de 2015)

Edita: Asociación Cultural Irmáns Suárez Picallo

Maqueta: Rafael Carballeira Coego

Imprime: LUGAMI Artes Gráficas S. L.

comisionsuarezpicallo@gmail.com

http://www.blogoteca.com/acsuarezpicallo

Sada - Outubro de 2017

Directiva 2017 - presidente: Francisco A. Pita Fernández / vicepresidenta: Manuel Pérez Lorenzo / secretaria: Vanesa Santiago Vázquez/ vicesecretaria: Marisa Naveiro López / tesoureiro: José Garrote Martín / vogais: Estevo Rodríguez Liste, Xosé Val Díaz, Jesús Castro Vidal, Rafael Carballeira Coego, Xaime Rodríguez Rodríguez, David García Pauwels, Carme Gratacós Ríus, Rexina Basadre Orozco

D.L. C 815-2014 - Tirada: 500 exemplares

INTRODUCCIÓN

A Asociación Cultural Irmáns Suárez Picallo, mediante a serie de publicacións *Cadernos de Estudos Locais*, cumpre novamente o seu compromiso coa cultura galega ao acoller un traballo sobre a senlleira figura do escritor Xosé Neira Vilas, tendo especialmente en conta o seu vencello con Sada a través da súa amizade co ilustre sadense Isaac Díaz Pardo, así coma da súa propia condición de socio de honra da Asociación Cultural Irmáns Suárez Picallo.

A súa traxectoria vital marcada polas vivencias de xuventude en Galiza e unha vida adulta inmersa na emigración por Sudamérica e o Caribe reflectiuse na súa obra literaria a través dunha ollada crítica, que dende a saudade, analiza a escura realidade social da súa Galiza contemporánea. Esta visión, que posiblemente conectaba coa meirande parte das vivencias da poboación galega inclusive na diáspora, xunto co seu estilo narrativo puido difundirse a través da súa obra acadando unha repercusión inusitada no eido das letras galegas. A súa obra `Memorias dun neno labrego´ (1961) superou ata o momento as 600.000 copias vendidas, converténdose na obra máis lida da literatura galega, o que implicou a súa tradución a distintos idiomas.

Como consecuencia do alcance das súas actividades profesionais e literarias recibiu numerosos galardóns e recoñecementos ao longo da súa vida, e que na súa totalidade se atopan recollidos no portal electrónico da Fundación Xosé Neira Vilas (http://www.fundacionxoseneiravilas.com/bibliografia/datas.php), e entre os que podemos destacar: Premio da Crítica Española (1977), Premio da Crítica Galega (1981), Medalla Celanova Casa dos Poetas (1985), Pedrón de Honra (1986), Medalla Castelao (1988), Doctor Honoris Causa pola universidade da Coruña (1998), Premio da Federación de Libreiros de Galicia (1999), Socio de Honra da Asociación de Escritores en Lingua Galega (1999), Membro numerario

Memoraĵoj de kampara knabo









Acto no que Xosé Neira Vilas aparece ataviado como Doctor, sendo invetido Honoris Causa pola Univ. da Coruña en1998, (La Voz de Galicia, 27/11/2015).

PREMIO

XOSÉ NEIRA VILAS

DE

NOVELA CURTA

FUNDACIÓN XOSÉ NEIRA VILAS
36587 Gres - Vila de Cruces (Pontevedra)

1ª EDICIÓN - 2016

numerario da Real Academia Galega (2001), Doctor Honoris Causa pola universidade da Habana (2003), Premio Trasalba (2004), Fillo predilecto do concello de Vila de Cruces (2006), Premio Laxeiro (2010), Medalla de Ouro de Galiza (2015). Tamén ten adicadas rúas nos concellos de Oleiros, As Pontes, Vila de Cruces e Arzúa; así coma un colexio CEP `Xosé Neira Vilas´ (Peiteiros, Gondomar), o instituto IESP `Xosé Neira Vilas´ (Perillo, Oleiros), e a Fundación `Xosé Neira Vilas´ (Gres, Vila de Cruces) e o premio de novela curta que concede esta mesma institución na súa honra.

Pola súa parte a Asociación Cultural Irmáns Suárez Picallo tivo o privilexio de contar entre os seus membros a Xosé Neira Vilas, así como de ser obxecto da súa manifesta simpatía, incluso recibindo persoalmente aos membros da Asociación na súa Fundación en Gres (23/03/2014).

A asociación gozou da colaboración de Xosé Neira Vilas, e a da súa compañeira Anisia Miranda, dende os seus inicios nas I Xornadas Irmáns Suárez Picallo, xunto con Díaz Pardo e Avelino Pousa Antelo (20/05/2008). A asociación xunto co concello de Sada puideron correspondelo realizando unha serie de actos de homenaxe na súa presenza en Sada (09/04/2015). Xosé Neira Vilas sería recibido no concello de Sada, sendo tamén acompañado pola Asociación Cultural Irmáns Suárez Picallo, para deixar a súa impronta na nosa localidade a través da impresión das súas máns, que actualmente se atopa colocada no Paseo da Fama de Sada entre outros destacados persoeiros.

Na mesma xornada a asociación tamén organizou a presentación en Sada dun dos seus últimos libros `Isaac Díaz Pardo, crónica dunha amizade fecunda´ (09/04/2015), adicado a un dos sadenses máis ilustres (http://www.blogoteca.com/acsuarezpicallo/). Neste mesmo acto foi galardoado conxuntamente polo concello de Sada coa `Sardiña de Sada´ e pola propia asociacón co `I Premio Ramón Suárez Picallo´, realizado por Valdi, pseudónimo artístico de Xosé Val Díaz.

Xosé Neira Vilas e Anisia Miranda xunto con Isaac Díaz Pardo, durante a entrega dos Premios da Asociación Cultural Nós em 1993 (Faro de Vigo, 29/11/2015).

Xosé Neira Vilas recibe o `I Premio Ramón Suárez Picallo´ de máns de Francisco Pita, presidente da Asociación Irmáns Suárez Picallo, na capela de San Roque en Sada (09/04/2015).

Xosé Neira Vilas recibe a `Sardiña de Sada´ de máns de Ernesto Anido, alcalde do concello de Sada, na capela de San Roque, en Sada (09/04/2015).

Xosé Neira Vilas, no Paseo da Fama de Sada (09/04/2015), e indicándoselle onde finalmente ficaría a impresión das súas máns o Día do Libro en abril de 2016 trala súa morte.

Visita dos membros da Asociación Irmáns Suárez Picallo a Xosé Neira Vilas na súa Fundación en Gres (Vila de Cruces) o día 23/03/2014 (http://www.blogoteca.com/acsuarezpicallo/).

GALEGOS NA EMIGRACIÓN

Homenaxe a Xosé Neira Vilas, amigo e grande escritor

José Martínez-Romero Gandos

Os galegos coñecen moi ben a biografía e a bibliografía de Xosé Neira Vilas. Coñecen a súa vida e obra galegos emigrados polo mundo adiante. Tamen gozan da súa obra literaria xente de diversos e infindos mundos pois o seu "Memorias dun neno labrego" foi traducido o castelán, portugués, catalán, inglés, francés, checo, ruso, esperanto e xaponés. Contaba Pepe Neira Vilas que dese libro, a primeira edición na Habana foi de 70.000 exemplares e unha segunda de 45.000.

Mais hoxe desexo escribir sobre o Neira Vilas da emigración. Sábese tamén moito desta etapa pois el mesmo sempre gabábase dicindo "Descubrín Galicia na Arxentina" e adicou varios libros a lembrar a actividade dos galegos emigrados tanto no Río da Plata como en Cuba.

Moitos amigos fixo Neira Vilas na Arxentina e Cuba. Pilar Jeremías Cela e máis eu levaremos no noso corazón a longa amizade con Pepe e máis Anisia. Daquela compre unha homenaxe partindo desa amizade e suliñando seus andares polas rúas de Bos Aires para que os que lle coñecímos podamos compartir a dor polo seu pasamento que acontecera o 27 de novembro de 2015.

Neira Vilas emigra a Bós Aires moi novo. Chega á cidade do Plata no 1949. Pouco tarda en contactar cos galegos emigrados nas moitas sociedades que estes levaban adiante para desenvolver a cultura e lingua galegas, manter o contacto cos viciños das parroquias de orixe e loitar, si, pola defensa e enaltecemento da Patria Galega. Xa que logo, integraban esas sociedades exiliados do réxime dictatorial cos que Pepe contacta axiña: Luis Seoane, Maruxa de Seoane, Rafael Dieste, Ramón Suarez Picallo, Lorenzo Varela, Eduardo Blanco Amor, Ramón de Valenzuela, Arturo Cuadrado e outros.

ADIANTE

Orgao das Mocedades Galeguistas (Filial de Irmandade Galega)
A NOSA VOZ PREGÓA — A REDENZÓN DA BOA — NAZÓN DE BREOGÁN

ANO 1 — BÓS ARES, XANEIRO 1954 — Número 1

¡Adiante, Irmans!

Os povos que perden a súa liberdade, perden a sua dinidade; e fícalles un sô modo de manter ísta: loitar por aquíla. Veleiquí, en resume, a laboura que emprenden as Mocedades Galeguistas e o seu periódico ADIANTE — istas follas que no seu primeiro número tendes nas mans—: manter a diñidade do Povo Galego. E mantela do único xeito posibel, que é loitando pol-a liberdade de Galiza usando todal-as armas que temos a man: a fala, o folklore, a literatura, o xornalismo..

As Mocedades Galeguistas propenden a desenrolar unha amplia comprensión entre a xuventude galega emigrada e os mozos arxentinos descendentes de galegos, a quenes abrimos as portas do noso lar pra que, xunguidos co pensamento posto na Terra Nai, cultivemos os valores nazonáis galegos i espallemos o seu coñecemento por todol-os meios ô noso alcanzo: poiando todo movimento tendente a outer o dereito de autodermiñazón da Nazón Galega.

I en canto a isto, entendédenos ben: nós non imploramos con saloucos a esmola dunha autonomía mesquiña, nós eisiximos a independenza ausoluta e total pra Galiza.

Isto non quere dicer que voltemos as espádoas ôs demáis povos peninsuares. Chegado o caso, e conquerida a nosa independenza, non nos negaríamos a enformar nun plan de igoaldade con Cataluña, Euscadi, Portugal i Hespaña: unha Comunidade Ibérica de Nazóns; orgaizada como antecedente na Peninsua pra chegar a unha Comunidade Europea de Nazóns; a soia unidade na que Galiza pode entrar sen míngoa pra o seu desenrolo nazonal.

A nosa posizón está na máis rigorosa liña do Nazonalismo Galego. Manifestámolo eisí, eraramente, pra que non haxa confusiónes sobor do noso pensamento, e porque pra levar adiante a cruzada que nos propoñemos (que ben sabemos estará chea de intres ingratos e dôrosos) temos de sere perante todo sinceiros e decididos. Diste xeito non poderán inculpar de farisaico o noso fervor, os entendimentos tropes e as almas valeiras de sentimentos dos "imbecéis i escuros". Contra iles imos a arrometer, coa fronte ergueita e levando en outo a bandeira azur e branca do noso rexurdimento nazonal, dicendo coas bariles verbas de Alfredo Brañas:

¡Caste dos celtas, desperta axiña
ergue do fango da escravitude!

MOZOS GALEGOS:

AFILIADEVOS NAS MOCEDADES GALEGUISTAS

- Eiscursións e festas de fraternidade.
- Estudo e práitica do folklore galego.
- Debates culturales.
- Biblioteca Nazonalista.

MEXICO 1660 — SABADOS DAS 17 AS 20 HS.

CASTELAO

O patriano que resumeu en si os ideais dos Precursores. Oxe, símbolo da Nazón Galega.

Saúdo do Segredario do Consello de Galiza as Mocedades

Mozos galeguistas:

Que na loita pol-a liberdade da Patria Galega, os vosos peitos se sintan arrequentados por un outo sentimento de xustiza e de irmandade pra todol-os homes e pra todol-os povos.

Antón Alonso Rios.

Pedro Campos Couceiro

SEU ÓBITO

No intre de entrar iste número na máquina, chéganos a triste nova da morte dun esgrevio galeguista: Don Pedro Campos Couceiro. Na imposibilidade de adicarlle niste número a nota necrolóxica da que a sua persoalidade precursora faino merescente, farémolo na próisima edizón.

Na mentras, vaian ós seus fillos e de máis familiares as nosas mais sentidas condoencias.

Primeiro número do periódico Adiante publicado en Bós Aires no mes de Xaneiro de 1954, órgano das Mocedades Galeguistas dirixidas por Xosé Neira Vilas.

Os galegos emigrados traballaban arreo por sair adiante e conquerir un benestar que non lle dera a súa vida na Terra. Pepe non limitou a súa actividade no traballo básico para manterse. Estudou Comercio e máis tarde a Licenciatura en Periodismo. Cursando esa Licenciatura coñece a Anisia Miranda, unha filla de galegos emigrados primeiro a Cuba onde ela nace e logo a Bos Aires. Tamén coñecen alí a Denis Conles Tizado, un mozo galego que tivo máis tarde unha destacada actuación na Colectividade Galega e na política local.

Pilar Jeremías Cela, miña compañeira, integra con a penas 15 anos o grupo de mozas e mozos que no agosto do ano 1953, baixo a guía de Neira Vilas, crian as Mocedades Galeguistas. Formaban parte dese grupo Xosé Neira Vilas, Vidal Pérez Graña, Carlos Abraira Cela, Antón Santamarina Delgado, Pilar Jeremías Cela, Denis Conles Tizado, Antón Moreda e Manuel Cordeiro. Todos eles, sen reparos, obrigábanse a coñecer e dar a coñecer os elementos que constitúen Galiza como nacionalidade: idioma, historia, xeografía, economía, tradición e cultura.

Con pulo xuvenil escribiron na Acta Constitutiva os obxectivos desta empresa nacionalista: "unha xenuína concenza de galego, no estudo e no cultivo dos valores de toda índole que posee isa nacionalidade de tanta, e as vegadas esquecida, siñificación na historia dos povos oicidentais"(sic).

Non é posible traducir nesta escrita os sentimentos, ideias e proxectos que verteron nesas xuntanzas que levaban adiante no local da Irmandade Galega de Bos Aires, cedido nun piso superior do Centro Ourensán. Suliñar que desas xuntanzas xurdíu a ideia de publicar o periódico Adiante, órgano destas Mocedades Galeguistas que dirixiu Neira Vilas.

Conservando ese pulo xuvenil de outros tempos Pepe e máis Pilar propuxeron no 2003, cincuentenario da criazón das Mocedades, actos que celebraran o acontecemento baixo o lema que acuñou Isaac Díaz Pardo neses días para presidilos: "Por cen anos máis de Mocedades

Galeguistas". Noutras vegadas escribín nesta Revista Areal sobre galegos emigrados esquecidos. Hoxe tería que agregar "Institucións dos galegos emigrados esquecidas". A acción das Mocedades Galeguistas é unha das principais.

Xosé Neira Vilas, integrante da Comisión organizadora, toma a palabra durante o Primeiro Congreso da Emigración que tivo lugar en Bós Aires no mes de xullo de 1956.

As xuntanzas e acción destes mozos e mozas non tiña acougo. En xullo de 1956 convócase en Bós Aires ó Primeiro Congreso da Emigración, lembrando os cen anos do Banquete de Conxo, no que estiveron representados emigrantes e exiliados de todo o continente americano. Certamente os mozos traballaron arreo nese Congreso. Como recoñecimento dos directivos Xosé Neira Vilas foi nomeado Secretario do Congreso. Os nomeados más arriba como integrantes das Mocedades tiveron, asimade, intensa participación. Pilar Jeremías foi unha das poucas mulleres participantes con 19 anos.

Por certo, lembrar que unha das institucións que asistiron o Congreso foi a "Sociedade Unidos de Sada" e a Ricardo Flores que asistíu polo Centro Coruñés de Bos Aires integrando a Comisión "F" do temario. Neira Vilas propuxo a ponencia "A prol do encauzamento dos mozos emigrantes nas sociedás galegas de América" (sic). Grazas a reimpresión das actas publicadas hoxe podemos recomendar ós galegos que lean as ponencias para non esquecer o labor feito e para incorporar cuestión alí tratadas que ainda non foron resoltas.

As Mocedades galeguistas cumpriron unha xeira curta mais moi productiva. Deron lugar a creación de A.G.U.E.A., Asociación Galega de Universitarios, Escritores e Artistas, no mes de xuño de 1956. No primeiro ano de existencia as actividades desta institución foron intensas. Dictan cursos Eduardo Blanco Amor, idioma galego. Rafael Dieste, literatura, Lorenzo Varela, lengua e literatura galega, Alberto Vilanova, historia de Galicia, Ramón de Valenzuela, xeografía. Promoveron, asimade, a criazón da Editorial Citania dirixida por Luis Seoane e a exposición, no 1957, de Isaac Díaz Pardo.

Tanta actividade cultural de Neira Vilas non limitou o noviado con Anisia Miranda. No ano 1957 Pepe e máis Anisia casan na cidade de Bos Aires e en xullo do mesmo ano establecen na súa casa da rúa Asunción a Editorial Follas Novas. O obxectivo foi editar e difundir o libro galego.

Todos os que asistíamos ás festas, romerías e banquetes organizados polas numerosísimas sociedades de emigrantes da Colectividade Galega de Bos Aires e Montevideo tiñamos oportunidade de achegarnos ós últimos libros publicados en galego e as novidades editoriais pola inmensa labor de Neira Vilas e Anisia Miranda desde esa Editorial Follas Novas. Pepe instalaba nesas festas o actos unha mesiña cos libros que el mesmo difundía e vendía. A súa presencia era infaltable. Nós, os máis novos, pasábamos tempo diante desa mesa ou achegándonos á rúa Asunción para enterarnos do publicado. Non sempre comprando libros por mor da nosa carencia económica como estudantes.

Xosé Neira Vilas e Anisia Miranda contraen nupcias na cidade de Bós Aires no ano 1957.

Lembrar que a actividade periodística de Neira Vilas foi moi intensa e permanente por moitos anos. Foi codirector do xornal Adiante (1954), voceiro da Mocedades Galeguistas de Buenos Aires, escribiu artigos para Galicia Emigrante (Buenos Aires, 1954-1959); Eufonía (Buenos Aires, 1958); Opinión Gallega (Buenos Aires); Ecuador 0º, 0´, 0´´ (México, 1965); Vieiros (Revista do Padroado da Cultura Galega de México, 1959-1968); Aquí... Galicia! (Peña Cultural Galega Rosalía de Castro, Rosario, 1960); Aturuxo (Santa Fe, 1960-1961); En Cuba foi redactor-xefe da revista infantil Zunzún.

Anisia Miranda e Xosé Neira Vilas xunto a Ramón Otero Pedrayo durante a feira do libro galego, en Bós Aires, organizado por Follas Novas (1959) e a Fundación Otero Pedrayo.

O 31 de Nadal do 1958 é derrocado, en Cuba, o dictador Batista. En maio do 1959, como primeira visita de Estado, Fidel Castro chega a Bos Aires. A súa actividade non a limitou ós encontros oficiais. Tivo contacto especial cos universitarios arxentinos (entre os que destacaban os galegos) e con emigrados e exiliados galegos. Non podía ser menos e Anisia Miranda e Pepe Neira Vilas reciben a Fidel na súa casa. Pilar Jeremías conta que foi unha festa magnífica na que Fidel aprendeu os presentes a bailar o cha-cha-cha, música da illa que era moda na época.

En outubro do 1959 Xosé Neira Vilas contribúe, unha vegada máis, a promover a actividade a prol da cultura galega e cos mozos e mozas, moitos deles acompañantes da súa labor desde Mocedades Galeguistas e AGUEA, funda a Asociación Arxentina de Fillos de Galegos. Ista nova institución da Colectividade Galega adícase a un intenso labor de difusión e estudio desenvolvendo seminarios, cursos e publicaciones de libros priorizando a relación coa xuventude filla de galegos emigrados na Arxentina e Uruguai. O primeiro profesor de galego destes mozos foi Eduardo Blanco Amor e máis tarde Ricardo Palmás.

Segundo falaban connosco, Pepe e Anisia tentaban superar as dificultades sociales e económicas que existían dende o ano 1957 co goberno do dictador Aramburu e máis logo co goberno de Arturo Frondizi. Convulso tempo que culmina co derrocamento do Presidente Frondizi polas forzas armadas e a instalación dunha nova dictadura. Finalmente, no ano 1961 publícase en Bos Aires o seu libro `Memorias dun neno labrego´ e Pepe e Anisia "emigran" o ela "retorna" a Cuba.

Os amigos da parella en Bos Aires seguimos en contacto por carta, cartas de non doado envío por mor dos controis dictatoriais e a carencia de contacto con Cuba. Por isas misivas coñecimos que, alí na Havana, Neira Vilas fundara a Sección Galega do Instituto de Literatura e Lingüística que dirixe.

Logo de moitos anos de residencia na illa, Pepe e máis Anisia retornan a Galicia no ano 1992. Máis tarde fundan a Fundación Neira Vilas en Gres, Pontevedra, na casa natal de Pepe, modificada coa axuda da Xunta de Galicia.

Na ocasión de celebrarse en Oleiros o Día das Letras Galegas adicado a Luis Seoane fóramos convidados Pilar Jeremías, Ricardo Palmás, Guillermo Withelow e máis eu a concurrir a eses actos como amigos de Maruxa e Luis Seoane. Xa que logo, asistiron á inauguración do Monumento o Emigrante, obra deseñada por Luis e máis a praza que leva o seu nome, numerosos amigos e autoridades. Aproveitamos eses días en Oleiros para contactar con Pepe e máis Anisia. Dese contacto e posteriores cartas xurdiú a ideia de organizar a visita da parella a Bos Aires para celebrar o Día das Letras Galegas de 1998. Foi unha tarefa que fixen con moito agarimo. O motivo principal foi esa participación no Dia das Letras mais a verdadeira intención foi permitir que Anisia Miranda voltara a visitar Bos Aires, situación que tiña impedida polos sucesivos gobernos dictatoriais arxentinos por poseer pasaporte cubano. Recuperada a nacionalidade española que por Lei otorgouse os fillos de emigrantes nacidos no alén mar, Anisia puido entrar en Bos Aires lexítimamente.

Xosé Neira Vilas e Anisia Miranda de viaxe en Bós Aires o Día das Letras Galegas de 1998.

Levaron adiante, nesa visita, conferencias, visitas ás institucions, ceas e conversas con amigos e unha xuntanza moi particular: diálogo dos escritores coa mocidade filla e neta de galegos na Sociedade de Campo Lameiro, institución que eu presidía naqueles anos. O lema da xuntanza foi: "La emigración gallega a Buenos Aires y Cuba". Os mozos e mozas usaron bastante tempo do debate no diálogo encol da situación cubana pois integraban as institucións galegas de Bos Aires e coñecían a historia polos seus familiares e pola súa participación local.

Poucos anos máis adiante, nadal do 2002, por mor da situación social e da "dictadura económica" producida polo chamado "corralito", Pilar Jeremías e máis eu decidimos "retornar" definitivamente a Galicia coa nosa familia. Dende entón, foi máis doado contactar coa parella Pepe -Anisia, tanto nas visitas a Gres como nas moi variadas oportunidades da participación de Neira Vilas na vida cultural galega.

Xosé Neira Vilas e Anisia Miranda na Sociedade de Campo Lameiro durante a súa estancia en Bós Aires o Día das Letras Galegas de 1998.

Lamentamos, en outubro do 2009, a partida de Anisia. Acompañamos a Pepe na súa dor e apoiamos a súa continuidade no labor. A capacidade de traballo de Neira Vilas, coñecida por certo, foi un elemento fundamental para a súa vida afectiva. Chamaba á nosa casa con asiduidade para preguntar pola saúde de Pilar, convaleciente dunha longa enfermidade dos ósos coma el sufrirá e para preguntarme datos de xente que ámbol-os dous coñeceramos na emigración. Non porque non tivera el información senón para engadir detalles e comentar sobre o seu interese dese momento.

A relación presencial de amizade remata o 27 de novembro do 2015 co seu pasamento. Mais a amizade é algo insustanciable que perdura no espíritu dos amigos namentres eles o desexen. Nós, Pilar e máis eu, deixamos eiquí unha homenaxe sinxela e sentida e sabemos que agora a nosa amizade con Pepe Neira Vilas e Anisia Miranda será eterna. Sit tibi terra levis.

XORNALEIRO DA PALABRA

Alfonso Blanco Torrado

A miña primeira relación con Xosé Neira Vilas (Gres 1928) foi a través da obra cando lin as súas *Memorias dun neno labrego* que me pasou o egrexio galeguista Manuel Espiña Gamallo no Seminario de Santiago e eu estaba a escoller entre volver a América onde nacín ou comprometerme con Galiza. Era a primeira edición publicada en Bos Aires. Espiña estaba a traducir os Evanxeos ao noso idioma. Mantiveron amizade porque era un devoto deste libro, mesmo o aconsellaba nas súas clases de relixión na daquela Escola de Maxisterio de A Coruña. Alguén ten explicado a súa enerxía e espallamento mesmo pola pegada que produce nas e nos lectores convertendoos nos seus primeiros difusores. Para min foi unha lectura que me impactou, e axudou a definirme naquela encrucillada na que estaba a escoller onde desenvolver o meu traballo inclinándome polo rural, afincando na nosa cultura e fala, identificandome cos Balbinos… Escomenzaba a sentirme incluido na vontade do autor, dedicando o libro: «A tódolos nenos que falan galego», foi un convite para min que nacera na emigración falando castelán.

Espiña cadraba con Neira na importancia da emigración para concientizarnos do noso, tal como vivenciou na súa primeira viaxe a Bos Aires (1973). Na súa casa ateigada de libros, sempre tiña a súa ollada posta en publicacións da Arxentina que adoitaba mostrarmas coma un agasallo.

Neste percorrido con Neira Vilas vou ir debullando coma tamén me axudaron a coñecelo amigos comúns que compartiron as súas loitas alén o Atlántico, porque dende que lin as *Memorias*, sentín debezos intensos por saber algo do seu autor e seguir afondando na contorna, asinando aquelas palabras de Balbino nos anos 40: "Vexo o mundo darredor de min e adoezo por entendelo [...] Ninguén me di para que serven as

Xosé Neira Vilas falando com Alfonso Blanco.

estrelas nin onde morren os paxaros". Vai ser este un desenvolvemento en espiral arrincando da emoción das *Memorias*.

O seu autor antoxábaseme unha persoa rexa nos seus compromisos, fiel ata a cerna ás súas raíces. Xa no meu traballo en Guitiriz da Terra Chá, enchoupandome das esencias do país no rural seguín lendoo.

Tamén foi Manuel Espiña o que me presentou a Isaac Díaz Pardo no Castro-Sada, nun encontro neste obradoiro os tres falamos das asociacións culturais, e en concreto do que ía ser o primeiro relatorio en Xermolos: "O agro galego hoxe" (28-III-77) por Antonio Fernández Oca. E comentando o deseño do cartaz, o creador de Sargadelos convidoume a reproducir un dos seus debuxos das *Memorias* (na páxina 113 da edición 17 que me dedicou Neira)… Aquela emoción coa que falaba do noso ru-

ral, mesmo celebrando a enerxía deste libro, foi para min un alento nos comezos da Asociación. No 1968 Isaac publicara no Castro a primeira edición aquí en Galiza das *Memorias*, ilustrada por el mesmo. Os dous cadrarían nalgún acto de Xermolos.

Abofé

***AS MEMORIAS DUN NENO* LABREGO NON SON SÓ LITERATURA INFANTIL, coma algúns teñen dito,**

PERO NEIRA FOI O PRIMEIRO EN ESCRIBILA NO NOSO IDIOMA, aínda que o seu autor non fai lindes por idades. Son uns contos que nos ensinan coma ningún a valorar o noso, a enfortecer a nosa identificación co pobo, a través dunha narrativa marabillosa. De neno e adolescente alternaba o ensino nunha escola rural cos labores do agro e algún oficio…, pero sobre todo estaba atento aos sinais identitarios de nós..

Ten outras obras con esa sensibilidade infantil e xuvenil coma as outras duas do "Ciclo do neno": *Cartas a Lelo* e *Aqueles anos do Moncho.* E tamén *Espantallo amigo*, *O cabaliño de buxo* ou *A marela Taravela*, *De cando o Suso foi carteiro*, ou libros de contos coma *Chegan forasteiros* e os *Contos vellos para rapaces novos…*

SUCANDO MOITAS AGRAS LITERARIAS

O noso xornaleiro da palabra sucou expresións literarias como a poesía, ensaio, xornalismo, tradución…, ata converterse nun clásico xa en vida, sempre motivado pola autenticidade, expresando o que está a sentir e vivir dende a súa conciencia liberadora, sen obsesionarse por técnicas ou recursos estilísticos, quizais emporiso empatizou con tanta naturalidade cos nenos/as.

Non imos lembrar as ducias de libros que foi editando ata a súa obra póstuma: *Quique na aldea*, presentada na véspera do seu cabodano. Imos só remarcar algúns representativos dos seus eidos creativos.

Foi un autodidacta arrequecido pola paixón pola lectura que lle foi permitindo adquirir unha grande cultura, sobre todo na Arxentina onde puido ler obras vedadas en Galiza pola ditadura

Dende a aldea de GRES á EMIGRACIÓN

Na postguerra (1949) Pepe Neira, con vinte anos, emigra a Bos Aires onde vai desenvolver unha intensa actividade, non só literaria, tamén cultural e política a prol do coñecemento do noso, rexeitando a falla de liberdade e igoaldade de Galiza na ditadura, coma reflicten as *Memorias.*

Si a súa vontade de estilo nesta novela é realista, froito dunha sinceridade radical que nace da súa traxectoria vital, os libros dedicados á emigración son uns documentos veraces apoiados na súa experiencia persoal. Endexamais rachou os vencellos alén o océano e vivía o rural á par do seu compromiso na emigración, de feito Pepe Neira non creou fendas entre o rural e o urbano, os residentes aquí e os emigrados ou exiliados, todas e todos están imbricados nunha mesma rede: a solidariedade que nos define coma pobo, aínda que ten denunciado como ás veces as e os urbanitas teñen abusado do mundo rural. Recoñeceu que foi na emigración onde se transformou nun loitador polo pobo, algo semellante ao protagonista de *Remuíño de sombras.*

Endexamais recuou neste estilo de narrar, aínda que nas obras dos 70-80 coñecidas coma "lembranzas": *Lar*, froito do seu primeiro retorno, tripando as paisaxes e paisanaxes da súa crianza, *Nai e Pan*, xermola máis forza lírica.

No 1957 casara coa cubana Anisia Miranda, filla de emigrantes ourensáns, que chegara con 20 anos a Bos Aires cando Pepe xa levaba alí catro. E nese mesmo ano fundaron a editorial "Follas Novas", distribuindo eles mesmos os libros. En Bos Aires cadraran en iniciativas xa nos albores da Revolución cubana, colaborando coa delegación do Movemento do 26 de Xullo, radicada no Centro Orensano que coordinaba Santiago Riera exi-

liado cubano en Arxentina ao que Neira dedicaría o seu poema "Fidel Castro": "(...) Fidel, tu nombre es por sí un destino/que fácilmente cumpliendo estás,/pues eres fiel a la Patria donde naciste/como pocos lo fueron jamás./Tu apellido noble y trascendente/está indicando un símbolo augural;/Castro fue doña Constanza de Arias,/y Castro la digna Inés de Portugal./Castro los Lemos, don Pedro y don Fernando,/y Castro Rosalía, Tórtola impar/que clamó justicia a los cuatro vientos/cuando vio a su pueblo encadenado./Vienes de raza, Fidel, que no doblega:/sangre gallega en tus venas hay:/eres heredero en esencia de un gran pueblo/dispuesto siempre a defender su suelo (…)".

Uns días despois da Revolución, Anisia, Neira e moitos patriotas galegos xuntaronse no Centro Pontevedrés coas Irmandades Galegas da área do Río da Plata que loaron a xesta de Fidel e de tantos galegos/as. Un dos intervintes foi Neira Vilas. Participaron tamén membros do goberno galego no exilio, pois había relación estreita cos que loitaban contra a ditadura cubana de Batista.

Neira tamén escribiría "*Fidel Castro: Retoño Gallego*", un dos seus artigos xornalisticos, celebrando o seu paso por Bos Aires: "Fidel Castro es un auténtico líder de la libertad. Hombre joven, generoso, valiente, que después de defender los derechos de los pobres, de los explotados desde su bufete de abogado, cuando la situación se hace más significativa bajo la bota criminal de Batista, abandona su profesión para dedicarse a una acción romántica, que después del prolongado calvario habría de echar por tierra la tiranía".

O LIBRO MÁIS LIDO E TRADUCIDO

As *Memorias dun neno labrego* é o libro galego máis editado, unhos 600.000 exemplares ata o 2009, o máis lido por galegas e galegos e o máis traducido: catalan, euskera, castelán, inglés, francés, portugués, romanés, bable, checo, ruso, chinés, esperanto, xaponés, braille... Tamén se fixo unha adaptación teatral ao maia.

A tradución alemana é a única da peninsula inserida nunha colleita de literatura universal.

Pero Neira tamén foi tradutor, mesmo vertendo ao castelán esta novela en Cuba, e ao galego o *Itinerario Gallego* de V. Luís Molinari, *Trintenove poemas* de Nicolás Guillén, *Xornal de Prisión* (cen poemas de Ho Chi Minh), *A historia absolveráme* de Fidel Castro, *A Idade de Ouro* de José Martí e *O Camiño de Santiago* de Alejo Carpentier....

Estas traducións de Nicolás Guillén, Fidel Castro, Carpentier, Martí..., lévanos á Illa de Cuba onde Neira viviu 31 anos dunha grande actividade en moitos eidos, dende 1961 a 1992. Arriba á Illa atraido polo triunfo da revolución na que quere colaborar, coma ten confesado: "O que vivimos entón foi un estado de emoción colectiva: o pobo podía gobernar, era unha realidade. Todos colaborabamos. Todo o mundo era solidario. Faciamos traballo voluntario". Anisia desenvolvería un grande labor coma xornalista e escritora, recoñecida en todos os eidos culturais sendo fundadora da Unión de Escritores de Cuba. Os dous estudaran xornalismo en Bos Aires.

Nestes anos as Memorias propiciaron documentais, longametraxes, entradas en televisións de varios países, ademais das versións teatrais de México e colexios de Galiza. O escritor e actor Cándido Pazó vén de estrear Memorias das *Memorias dun neno labrego.*

O RURAL E A EMIGRACIÓN son os pivotes que moven a súa obra

Coma imos ver apostou por considerar as nosas poboacións urbanas coma froitos da cultura rural. O que transmiteu non só nas Memorias, tamén nos relatos de *Xente no rodicio* (1965), mergullandose na miseria, marxinación, represión política e relixiosa, explotación, a saída frustrante da emigración, a violencia..., que ás veces destruen o mundo rural. Son unhas análises cabais sobre os conflictos máis comúns neste colectivo do que os seus persoaxes literarios son os sinais da historia que están a construir.

Nas vinte *Cartas a Lelo* (1971), emigrante no Brasil, que Toño lle escribe, volven as crises da adolescencia, festas, tradicións e supersticións, o caciquismo, o conflito lingüístico na escola, etc.

Remuíño de sombras (1973) é outra ollada á emigración dende a realidade máis dura en anacos que se sobrepoñen, mesmo intuindo o proceso de concienciación dun mozo en Bos Aires que ben pode ser Neira.

En *Aqueles anos do Moncho* (1977), a través dunha terceira persoa, o protagonista sentese membro da colectividade: os guerrilleiros, etc.

A muller de ferro (1969) son vintetrés pequenas narracións nun ambiente rural con persoaxes dominados por forzas alleas que condicionan fatalmente os seus plans.

En varias obras mostra ese pouso rural das nosas cidades, mesmo nas da emigración onde viveu 40 anos, así reflicte Bos Aires en *Historias de emigrantes* (1968), relatos en terceira persoa, e tamén en primeira, de emigrantes sofrindo a saudade da terra, a marxinación, a explotación das mulleres... Tamén aparece o emigrante benefactor, animador de actividades culturais para a súa xente, ou o mozo que emigra para fuxir das quintas. Ou en *Camiño bretemoso* (1967), a historia tecida nunha análise psicolóxica puntual dun emigrante en Arxentina dende a súa infancia rural que o autor manexa con creatividade para denunciar a opresión na que medrou ata rematar nunha frustración fatal.

Querido Tomás (1980), novela de amor duns protagonistas que se enfrontan a momentos coma os primeiros anos da ditadura. os fuxidos asasinados, a represion lingüística, etc., tamén aos inicios da "autonomía". A emigración, na que Tomás busca unha saída, remata separandoos.

Nestas obras vemos coma os milleiros de emigrantes mantiñan os vencellos coa cultura rural, e Neira estaba a interpretar a súa señardade. Esta síntese do rural e do urbano motivoume unha emoción forte no seu enterro en Gres, alí estaban todas as Galizas integradas nun mesmo es-

pírito: a devoción polas nosas raíces rurais e así o proclamei naquela celebración.

Unha vivencia que foi ratificada días despois cando fun convidado a unha conversa sobre Manuel María no Pazo de María Pita, no Concello de A Coruña, e cal non foi a miña solpresa cando no baixo atopeime outra volta con Balbino e o seu can Pachín, coma un dos persoaxes do Belén cun fondo de leiras traballadas con agarimo.

A teima de Neira foi sempre a busca da verdade, non só na investigación, tamén na literatura, mesmo loitando contra os prexuizos folklóricos, humoristicos, sociais que padecía a nosa cultura tamén na emigración coma denunciou o seu amigo Antón Pérez Prado.

CAMIÑANDO CON ANTÓN SANTAMARINHA, PRIMEIRO PRESIDENTE DAS MOCEDADES GALEGUISTAS (Bos Aires 1953)

Nos primeiros anos en Guitiriz coñecín e tratei a un dos seus compañeiros fundadores das Mocedades Galeguistas en Bos Aires, o que foi o seu primeiro presidente, Antón Santamarinha, con raíces en Guitiriz, que publicou no mesmo ano das Memorias, 1961, o poemario *Pra unha Terra apremida*, e así fun coñecendo a par do seu amigo o compromiso sociopolítico de Neira en Bos Aires a onde emigrara no 1949, publicando a súa primeira escrita en galego no voceiro das Mocedades: Adiante.

Xermolos dedicoulle ás Mocedades os XVI Encontros na Terra Chá (5-IX-2008). Neira e Anisia non puideran participar, pero estaban outros membros fundadores coma Antón Moreda ou Pilar Jeremias que me reforzaron na miña admiración e paixón pola xenerosidade e compromiso de Neira naqueles anos, na súa teima por ser fiel á realidade que vivía en común cos galegos/as máis comprometidos.

Nestes encontros achegamos esta acción bonaerense en dúas exposicións, unha de paneis dedicados aos irmáns Suárez Picallo represaliados na ditadura. Ramón, deputado nas Cortes na segunda república e Antón sindicalista e agrarista asasinado no 36. Na inauguración, o alcalde de Sada, Abel López Soto, dixo: "Ramón é unha figura fundamental na Galiza do século XX, eu considero que despois de Castelao foi a figura máis relevante do nacionalismo galego. Foi un impulsor do Partido Galeguista", e lembrou que "morreu de tristura añorando a súa terra e comentóulle a Isaac Díaz Pardo o seu desexo de descansar en Sada e nós o ano pasado viaxamos a Bós Aires e trouxemos os seus restos á nosa vila e alí repousan".. Eu lembro este acto de Sada con emoción xa que nos fixo remover a todos a memoria daqueles anos de fervenza politica e cultural na outra beira do Atlantico.

Na mesma Casa das Palabras e nos seus aledaños botamos unha ollada á exposición "Rocha viva", cantos rodados do creador Xosé Manuel Ribei-

Anisia Miranda e Xosé Neira Vilas nunha visita á `Casa das Palabras´ (Guitiriz).

ra, residente en As Pontes, na que puidemos celebrar a presenza de Castelao, Blanco Amor, Luís Seoane…, e o sadense Ricardo Flores, amigo do artista ao que mesmo visitou en Bos Aires. Xa me falara Moreda do labor cultural de Flores co que ata fixera teatro no grupo bonaerense "Lugrís Freire", en memoria destoutro egrexio sadense.

Aínda que o que máis me solprenderon foron as anotacións de carácter político que aprendín de Neira sobre Moreda, un dos fundadores das Mocedades, algo así como a rama xuvenil do Partido Galeguista, que se lembraron aquela tarde en Guitiriz, coma xa no seu retorno no 1960, foi a ponte entre os exiliados e os nacionalistas daquí, fundando o Consello da Mocedade (1963) do que foi secretario, e do que abrollaría a UPG. Alguén moi comprometido que sufreu xa en Galiza a intransixencia e acoso dos culturalistas que seguían a Ramón Piñeiro e querían afogar a verdadeira militancia nacionalista que el encarnaba, o que lle costou o seu traballo de "comercial" de Galaxia por todo o país. Foi nesta actividade na que experimentou no día a día o éxito de *Memorias dun neno labrego* xa que Galaxia estaba a distribuir exemplares enviados por Neira da primeira edición en Bos Aires.

OS DOUS EDITORES CHAIREGOS da sua poesia

Neira editara o seu primeiro poemario *Dende Lonxe* (1960), en Follas Novas no que adianta o seu estilo literario: o amor á patria mesmo identificandoa coa infancia de cadaquén, o amor á xustiza, solidariedade, a sinxeleza...

Xa no 1968, Manuel María na súa Editora Xistral pubrícalle *Inquedo latexar* sentindo a paixón dunha emigración sostida co compromiso. Un Manuel María que tivo que recurrir a eles para ver publicados os seus poemarios na ditadura. *Advento* (1954), *Versos pra un país de minifundios* (1969), *Remol* (1970).

Mantiveron unha importante correspondencia remitindose as obras propias e asemade Neira publicacións cubanas. Manuel en febreiro do 1971,

recén aberta a súa libraría Xistral, comunicalle con entusiasmo que o seu *Memorias* "vendese coma roscas", e que mesmo é o libro aconsellado para aqueles que queren ler un libro galego...

Sería *Espiral Maior (*1994) dirixida polo tamén chairego Miguel Anxo Fernán-Vello, que recollería en *Poesía recadada*, a selección dos versos de Neira xa publicados e "Outros poemas" inéditos. Tanto Manuel María coma Fernán-Vello acompañaríano nalgun recital. Neira agradecía que fosen dous poetas chairegos, os que publicasen dous dos seus poemarios. Lembro coma no día do enterro de Manuel María fundímonos nunha aperta arrolados pola música do Miño.

"Eu son "moi" da Terra Chá...", escribíu Xosé Neira

Xosé Neira Vilas e Anisia Miranda nunha visita ao muíño de Rañego (Vilalba), en novembro de 2008.

Nunha carta do 11 de xullo de 2010, acreditaba Pepe Neira: "Eu son "moi" da Terra Chá...". Xa o tiña testemuñado en artigos seus no xornal, encartados en libros posteriores, que falan destas viaxes: "No castro de Viladonga" e "Con Víctor Corral en Baamonde", publicados no volume *Xentes e camiños* e "Centenario da Liga Santaballesa", na colleita, *Lóstregos* (2009).

Xa no *Penúltimo Dietario* rexistra o nomeamento de Chairegos de Honra (2008) de Anisia e Pepe, o Pregón do Festival de Pardiñas e a entrega dos premios do Certame Terra Chá (2006), unha viaxe ao nacemento do Miño (2006), o enterro do poeta Manuel María (2004), a visita aos locais de Xermolos, ás Penas de Rodas e ao Muíño do Rañego de Vilalba, etc.

A nosa amizade foi medrando sempre coa complicidade e cordialidade da súa dona Anisia. O 15 de novembro do 2008 foron nomeados pola Irmandade Manuel María e Xermolos "CHAIREGOS DE HONRA" no Muíño do Rañego.

Convertera en obrigada a súa viaxe pola Chaira nos veráns acompañados con chairegos coma Mini e Mero, os seus grandes amigos, e outros coma David Otero, Valdi, Fernández Abella, Esperanza Lema, Carmiña de Soutomaior... Nese día quixemos celebrar os 80 anos de Neira, os 40 da primeira edición das Memorias nun prelo galego, o do Castro, e os 50 da fundación de Follas Novas en Bos Aires. Alí falou Isaac Díaz Pardo, o seu ilustrador e editor, e estudosos da súa obra coma Marica Campo agasallada pola Fundación Xosé Neira Vilas co premio de poesía infantil Arume, que se concede cada dous anos alternando co galardón Estornela de teatro para nenos, e a publicación das obras en Edicións do Castro. Tamén interviron o membro da fundación e filósofo Ramón Regueira, Antía Cal coma Anisia fillas da emigración en Cuba, e David Otero, amigo e tamén o seu guieiro polo país adiante. No xantar de irmandade interviron Mini e Mero musicando os seus versos.

Fixemos visitas cargadas de emoción nas que partillamos con Neira e Anisia a enerxía das "duas patrias", como aquela tarde na Escola Haba-

nera de Santabaia de Vilalba onde se referiu ao labor das e dos emigrantes cubanos enviando fondos para abrir locais para o ensino que eles non tiveran. Xa de volta volvín ao seu libro. *Tempo novo* (1987) que me axudara nunha primeira lectura a coñecer a achega deles.

Xosé Neira Vilas entregando os premios do Certame Terra Chá en Pardiñas (2013).

Xosé Neira Vilas e Anisia Miranda en Vilalba nun acto de Xermolos (2008).



Xosé Neira Vilas nunha visita á Biblioteca da Asociación Xermolos (Guitiriz).

A BIBLIOTECA O SEU OBRADOIRO PREFERIDO

Nalgunha das visitas á BIBLIOTECA DE XERMOLOS, na foto, e á Casa das Palabras de Guitiriz contounos o seu labor na Biblioteca do Centro Galego de Bos Aires onde se xuntaban as Mocedades Galeguistas e onde coñeceu a tantos galegos/as coma Antón Moreda, e namentras ía contemplando nas vitrinas do local as xerras de Luís Seoane representando a Rosalía, Castelao..., certificaba a importancia destes, de Blanco Amor, Dieste, do mesmo Seoane..., para aquela mocidade. Valoraba o noso traballo nesta Biblioteca, e aínda máis neste treito da súa vida, no retorno, no que Anisia e Pepe crearon e abriron a Biblioteca de Gres onde coma nós traballaban cada día.

A TRIBO DE PARDIÑAS

Anisia e Pepe Neira foron creando vencellos con amigas e amigos que baixo a guía de Manuel María e Avelino Pousa Antelo fomos facendo camiño pola Chaira e máis alá, así participando dos Encontros na Terra Chá, en 1997 dedicados a Mini e Mero fundadores de A Quenlla, e antes de Fuxan os Ventos, que puxeron música aos seus versos. Neste ambiente cadramos no 2006 en Ponteceso na Festa das Letras tamén en homenaxe a estes dous creadores chairegos. Ao poeta gustaballe ver musicados os seus poemas, que escoitou na voz de Suso Vaamonde, Manoele de Felisa, Xosé Lueiro, Roi Casal... Pero son Mini e Mero os que recibiron a derradeira manda do poeta para musicar poemas dedicados ao seu retorno e ao dos emigrantes.

Foron varias as intervencións de Neira no Festival de Pardiñas, así na 31 edición, no 2010, presentando o CD "Os Irmandiños", texto de Manuel María musicado por A Quenlla, xunto con historiadores coma Xosé Estevez, poetas coma Marica Campo, músicos coma Miro Casabella e a mesma Quenlla, coordinados por David Otero.

Xosé Neira Vilas durante o festival de Pardiñas (Guitiriz), a carón de Tadashi Yamamoto quen traducirá ao xaponés `Memorias dun neno labrego´.



Xosé Neira Vilas ao pé do Balneario de Pardiñas (Guitiriz).

NO FESTIVAL DE PARDIÑAS NACE A TRADUCIÓN DAS *MEMORIAS* AO XAPONÉS

Non faltaba ao festival de Pardiñas que el chamaba "Festa das Pardiñas", mesmo botando o pregón con Anisia no 2007, o ano no que Galaxia publicara a 25 edición das *Memorias*. Alí temos feito incursións pola traxectoria das e dos galegos en Cuba, ao pé do Balneario de Pardiñas, na foto, que construíu Domingo Cabarcos a comezos dos 50, unha vez viñera da Illa. Pero foi a edición do 2011, unha das que máis o entusiasmou xa que coñeceu no festival ao antropólogo nipón Tadashi Yamamoto, profesor universitario, que estaba a facer un traballo sobre a cultura galega, e alí "amistaron" coma ten escrito, e dicidiron a tradución ao xaponés das Memorias dun neno labrego. Despois visitouno en Gres. E xa no 2016 na homenaxe que se lle rendiu a Pepe Neira no festival, viría dende Xapón e dirixiría unhas palabras aos asistentes á cita musical.

En Pardiñas Neira sempre facía unha parada na exposición de libros de Xermolos e contabanos a súa experiencia na editorial Follas Novas que el fundara en Bos Aires para espallar o libro galego A súa importancia foi fundamental para o futuro da nosa cultura e literatura nos anos de ditadura en España, pois grazas ao alento destes valedores na emigración, o noso país non feneceu, non só polo traballo de milleiros de mulleres e homes, senón pola xenerosidade radical de persoas entregadas totalmente á causa do noso pobo.

ANTONIO PEREZ PRADO, FUNDADOR CON NEIRA e PRESIDENTE DA "ASOCIACIÓN ARXENTINA DE FILLOS DE GALEGOS" (BOS AIRES 1959)

Esta andadura en común motivou a moitos/as, así ao patriarca da Terra Chá, Manuel María, que dedicou unha xornada a enchouparse do devir sociocultural de Bos Aires, grazas aos X Encontros da Terra Chá no 2001, arredor do humanista Antonio Pérez Prado. Médico e escritor dedicou a súa obra *Los gallegos y Buenos Aires* (1973) "Á miña nai galega que emigrou para me facer porteño". Con Manuel María interveu o pro-

fesor Xosé M. Núñez Seixas que prologaría unha nova edición desta obra (2007) na 'Biblioteca de Autores Gallegos'. Pérez Prado (Bos Aires 1926), nado na travesía da emigración, fillo de pai de Baamonde e nai de Parga finou no 2009.

Neira coñecerao no 1957 no Centro Lucense. Os dous interviron no local de Follas Novas na fundación da Asociación de "Fillos de Galegos" no 59, da que foi presidente. Dende 1961 que Neira se estableceu na Habana, non se atoparan ata 1993 aquí, en Ourense nun congreso sobre Blanco Amor no que lembraron a súa mocidade porteña. Neira conta nun artigo na Revista Xermolos coma cando marchou con Anisia para Cuba, Pérez Prado lle escribeu: "que no endiante teriamos de añorar eso mesmo: dúas patrias. Acertou. Obvio. É tamén o seu caso". Encomiaba a vivencia que sentía das dúas patrias que el mesmo cantaría nun poema dedicado á súa dona Anisia.

Nunha viaxe a Baamonde comentei con Neira a emoción que me transmiteu Antonio, cando me lembrou a visita a súa igrexa románica, onde o trouxeran os seus pais para cristianizar, o que el consideraba coma o sinal do seu mergullarse nas raíces dos devanceiros, ao tempo que él me loaba a súa sabedoría e ciencia, mesmo atendendo aos enfermos no Centro Galego que consideraba afectados pola nostalxia do seu chan.

As visitas á Casa das Palabras, de Anisia e Neira convertianse nun percorrido pola historia e pola memoria grazas a súa lucidez, e así detiñanse na vitrina na que se conserva unha montaxe do filme "Castelao", dirixido por Jorge Prelorán e para o que Perez Prado escribeu o guión do que ten dito: Castelao fíxose "para popularizar o problema nacional galego, co mínimo proselitismo, facendo un modesto apostolado e xustificando o traballo que din á miña nai cando me pariu".

Nas viaxes de Neira e Anisia pola Terra Chá non podía faltar o Pedregal de Irimia, o manancial do Pai Miño, e alí temos lembrado ao poeta de Meira que alimentou a súa señardade en Bos Aires coa lembranza desta paisaxe, o Avelino Díaz que cantou a Castelao.

Nos 'Días de Cuba' (2014)

Nesta memoria celebra os seus referentes, algún dende a Arxentina coma Luís Seoane. Durante 22 anos, Neira entregouse á Sección Galega do Instituto de Literatura e Lingüística de Cuba que fundara no 1969. Foi activista cultural e político nunha tarefa plural, mesmo no eido sindical, e tamén traballando na industria. Un dos labores máis relevantes foi a implicación en Zunzún, a revista literaria infantil creada por Anisia no 1980.

Esta dinámica cultural abrollou en moitas obras sobre a emigración, verdadeiros tratados históricos: así, *Galegos no Golfo de México* (1980) que son 16 conversas con outros tantos emigrantes en Cuba, a partires de conversas sobre a terra e a revolución, *Castelao en Cuba* (1985), *A prensa galega en Cuba* (1985), *Índice da revista El Eco de Galicia* (1988), *Guerrilleiros* (1991), *Rosalía de Castro e Cuba* (1992), *Eduardo Blanco-Amor, dende Buenos Aires* (1995) e *Memorias da emigración I, II, III* (1994-96).

E coma conta en *Vinte anos retornando*, fixo con Anisia doce viaxes de ida e volta dende 1972, ata o retorno a Gres coa súa compañeira, xa xubilados, no 1992, onde dirixiron a Fundación Neira Vilas.

Unha manda compartida: coma unha VECIÑA MÁIS

O 22 de outubro de 2009 deixounos Anisia Miranda. Naquela xornada preparamos con Neira os actos do día seguinte, tal como ela tiña falado, xa que quería ser coma unha veciña máis de Gres, tamén no pasamento, sempre na fala coa que se comunicaba coa veciñanza, o que quixo frustrar o párroco impedindome dicir as derradeiras palabras en galego, despois de celebrar o funeral no noso idioma coa emoción e paixón de Mini e Mero interpretando "Ai, amor" de Neira dedicado á súa compañeira, e o recitado de textos de David Otero, Fernández Abella, Esperanza Lema, etc. Un ano despois, o 24 de outubro, fixemos memoria dela na súa Fundación de Gres.

SEMPRE CUBA CON ANTÍA CAL

Pero foi Antía Cal unha das persoas que con máis agarimo ten acompañado a Anisia, Neira e amigas e amigos comúns, con eles percorremos o val do Ulla, a Terra Chá, as Rías Baixas, a Trasalba de Ourense..., sobre todo, en momentos puntuais coma o Festival de Pardiñas para enchouparnos da nosa cultura, ou no nomeamento de Antía Cal coma Chairega de Honra en Vilalba o 1 de outubro do 2011 no que interveu o mesmo Neira (Revista Xermolos, nº 56). E nestas camiñadas partillamos vivencias da súa Cuba e da Galiza das dúas ribeiras do Atlantico. Con emoción falaban das súas raices na Galiza rural... Xa ao ano seguinte, polo San Xoán, participamos na entrega do Premio Otero Pedrayo na Trasalba na que Neira aseverou: "esa muller íntegra, amable, solidaria, esa galega cabal, boa e xenerosa, lúcida e activa, que dende a Punta da Moa, en Moaña, olla o mar de Vigo, cavila no desarranxado mundo deste comezo de século, e evoca o seu pasado, todo plenitude, acción e poesía… Unha muller do seu tempo, que son todos os tempos da súa existencia".

Antía pediralle á Fundación uns minutos para min na igrexa da aldea onde falamos da súa teima de incitar ás e aos alumnos do seu Colexio Rosalía de Castro de Vigo a contactar con avoas e avós para aprender das súas raíces, da nosa cultura e fala.

Neira seguía dando a coñecer a súa obra: *Epistolario Diverso*, *Crónica dunha fecunda amizade*, *Semente galega en América*.

Pouco despois de chegar ás 35 edicións en galego (7 en castelán) das *Memorias*, no mes de Santos do 2015 deixounos, mantendose sempre **XORNALEIRO DA agra LITERARIA**. Coma testimuñei no día do seu pasamento foi fiel ao seu labor coma xornaleiro a prol do pobo e así quixemos despedilo, a ras de chao, sen perdelo recendo do seu Gres co que quixera acompañar a despedida de Anisia, tripando a lama naquel mes de Santos sen deixarnos manipular polas élites politicas, relixiosas ou culturais, para que non se arrogasen o espazo do pobo, dos Balbinos

que amaba Neira. Eu mesmo tiven un pequeno debate co Bispo de Vigo, que aducía que onde hai patrón non manda mariñeiro. Neira deixara dito que fixera a celebración, e despois de consultalo coa familia e a fundación fun fiel á súa manda, concedendolle a palabra aos sobriños, amigos (David Otero, Fernández Abella...), e aos versos cantados por Mero e Mini, e Roi Casal, que nos adiantou o seu futuro disco traballado con Neira: "Son galego, son cubano".

A LUZ DE NEIRA SEGUÍA ALUMEÁNDONOS, así no seu CABODANO, o 26 de novembro do 2016 en Gres. A véspera finara Fidel Castro, e na rúa e tabernas de Guitiriz escoitara xuízos severos contra o líder cubano, mesmo pola súa relación coa igrexa, pero eu mantiña fresca a imaxe que me transmitiran del Neira Vilas e Anisia. Non podía fallarlle naquela celebración, e fun fiel á súa ética, e ao remate da misa dediqueille unhas palabras ao seu compañeiro Fidel.

Lembrei conversas con eles nas que me fixo ver as insidias do imperialismo contra a revolución, porén entendín os prexuizos cos que outros me asediaban naqueles dous días: "Son os norteamericanos os que dominan a propaganda, os medios de comunicación do mundo. E tentan desacreditar a Fidel Castro e ao Che. Eu coñecín aos dous e o que vin neles foi cualidades humanas. O Che díxolle a unha señora que el era irmán de a quen lle doese unha labazada que lle desen a outra persoa en calquera parte do mundo. Métodos de alfabetización de adultos que se utilizaron en Cuba están a empregarse agora en España... Iso foi o que construíron Fidel e o Che, coa filosofía de José Martí…".

Ao remate achegouseme un militante comunista agradecendome que lembrara ao camarada Fidel nunha celebración relixiosa, e contesteille que sería o que houbese feito o mesmo Neira.

CADERNOS DE ESTUDOS LOCAIS

Nº 1 - «O Ateneo de Cultura Política y Social: unha experiencia societaria na Sada da II República» · M. Pérez Lorenzo

Nº 2 - «As letras e o mar» · M. L. Freire-Calvelo, R. Suárez Picallo

Nº 3 - «As letras e as festas» · E. Rocha Llobregat, M. L. Freire-Calvelo, R. Suárez Picallo, X. A. Suárez Picallo

Nº 4 - «Manuel Couzo e o C. E. Sada y sus Contornos» · A. López Soto, M. Pérez Lorenzo

Nº 5 - «A represión franquista en Sada. As vítimas mortais» · M. Pérez Lorenzo

Nº 6 - «A sociedade Sada y sus Contornos» · M. Gayoso Barreiro

Nº 7 - «Palabras de Nadal e Aninovo» · R. Suárez Picallo

Nº Extraordinario - «Isaac Díaz Pardo e as Cerámicas do Castro» · Xosé Díaz

Nº 8 - «Voces de xustiza. Artigos e manifestos dos anarquistas de Sada na II República» · AA.VV.

Nº 9 - «Homenaxe a Juan Carlos Medal "Jaitos"» · AA.VV.

Nº 10 - «As letras e as festas II» · M. L. Freire-Calvelo, X. A. Suárez Picallo

Nº 11 - «Francisco Varela Posse. O fotógrafo de Sada» · F. Pita Fernández, M. Pérez Lorenzo

Nº 12 - «Ricardo Flores. Sempre en Sada» · M. Pérez Lorenzo

Nº 13 - «Fontán nas nosas letras» · R. Suárez Picallo, M. Lugrís Freire, M. L. Freire-Calvelo

Nº Extraordinario - «Isaac en Sada: documentos» · AA.VV.

Nº 14 - «Carnoedo na historia: textos e documentos» · AA.VV.

Nº 15 - «O entroido en Sada. A comparsa "Os Maleantes"» · AA.VV.

Nº Extraordinario - «Chovía en Boisaca. Palabras para Isaac Díaz Pardo no II cabodano do seu pasamento» · AA.VV.

Nº Especial - «Mariñana, unha revista ilustrada na Sada de 1925» · Xesús Torres Regueiro.

Nº 16 - «O Entroido en Sada: as comparsas "Os Broas" e "Os Pequeniños"» · AA.VV.

Nº Extraordinario - «Pombas e ma-zás. Palabras para Isaac Díaz Pardo no III cabodano do seu pasamento» · AA-.VV.

Nº 17 - «Edificio "La Terraza" de Sada» · C. Fernández-Gago

Nº 18 - «O Entroido en Sada. Comparsas do ano 1929» · M. Pérez Lorenzo

Nº 19 - «Inundacións en Sada. Consecuencias locais de fenómenos climáticos globais» · R. Carballeira Coego

Nº Especial - «As sete terrazas de Sada» · J. Ramón Soraluce Blond, L. Bouza Romero

Nº Extraordinario - «Opúsculo agradecido. Paralabras para Isaac Díaz Pardo no IV cabodano do seu pasamento» · AA.VV.

Nº 20 - «A Praia de Sada — I. Area, fango e orixe xeomorfolóxica» · R. Carballeira Coego, A. Alonso Millán

Nº 21 - «A Praia de Sada — II. Evolución histórica recente da praia de Sada (1910-2016). · R. Carballeira Coego

Nº 22 - «A praia de Sada - III. Natureza » · R. Carballeira Coego

Nº 23 - «O Entroido en Sada. Comparsas do ano 1982» · AA.VV.

Nº 24 - «Mimina.. Unha vida ao servizo da cultura galega» · AA.VV.

Nº Extraordinario - «Bo e xeneroso: Palabras de Isaac Díaz Pardo no V cabodano do se pasamento» · AA.VV.

Edita

A. C. IRMÁNS SUÁREZ PICALLO

Colaboran

CONCELLO DE SADA

Deputación DA CORUÑA